

EXPLICACIÓN ROUSSEAU

DISCURSO SOBRE A ORIXE E OS FUNDAMENTOS DA DESIGUALDADE ENTRE OS HOMES

- **ESTADO DE NATUREZA-HOME SALVAXE:**

Evidentemente, o propio título da obra xa da conta de que o asunto a dilucidar é precisamente a orixe das desigualdades existentes nas sociedades humanas. Rousseau defende a tese de que no **estado de natureza** apenas existen diferenzas entre os homes salvaxes, que viven en estreito contacto coa natureza. Polo tanto, a orixe das desigualdades entre os homes hai que atopala noutro momento posterior do desenvolvemento histórico da humanidade.

Cita: “Si me extendín tanto tempo no suposto desta condición primitiva é porque, habendo antigos erros e prexuízos inveterados que destruír, creín que debía cavar ate a raíz e amosar, no cadro do verdadeiro estado de natureza, cuán lonxe está a desigualdade, incluso a natural, de ter nese estado tanta realidade e influencia como pretenden os nosos escritores. En efecto, é fácil ver que entre as diferenzas que distinguen aos homes pasan por naturais moitas que son unicamente obra do hábito e dos diversos xéneros de vida que os homes adoptan na sociedade.”

Esta caracterización do **estado natural** dos **homes salvaxes** expresa perfectamente a imaxe idílica que os **europeos** da época tiñan das outras sociedades humanas que habitaban aquelas partes da terra que o **home occidental** ía descubrindo e colonizando. Efectivamente, á hora de imaxinar a ese home salvaxe, Rousseau toma como referencia aos *pobos primitivos* que aparecían na literatura europea de aventuras e de viaxes dos séculos da Idade Moderna.

Os **homes salvaxes** que viven no **estado de natureza** actúan baixo os impulsos de dúas **paixóns naturais**, a saber, a **autoconservación** e o sentimento de **compaixón** polo sufrimento dos demais homes (bondade natural ou innata).

Cita: “...meditando sobre as primeiras e as máis simples operacións da alma humana, creo percibir nesta dous principios, un dos cales interésanos vivamente no noso benestar e na propia conservación, e o outro inspíranos unha repugnancia natural a ver perecer ou sufrir a todo ser sensible e principalmente aos nosos semellantes.”

Segundo Rousseau, os sentimentos naturais do home son paulatinamente eliminados pola **civilización** ate o extremo de que as **paixóns artificiais** do **home civilizado** nada teñen que ver cos sentimentos naturais do home salvaxe.

Cita: "...o home salvaxe e o home civilizado difiren tanto polo fondo do corazón e as inclinacións, que o que fai a felicidade suprema de un reduciría ao outro a desesperación. O primeiro non respira senón repouso e liberdade, só quere vivir e permanecer ocioso... Polo contrario, o cidadán, sempre activo, suda, axítase, atorméntase sen cesar en busca de ocupacións aínda máis laboriosas: traballa ate a morte, cortexa aos grandes que odia e aos ricos que despreza; non escatima nada para obter o honor de servilos..."

Recapitulando, no *Discurso* o filósofo ilustrado trata de indagar nas **orixes** das profundas **desigualdades** que existen entre os homes. A conclusión á que chega é que no **estado de natureza** no que vivían os **homes salvaxes** reinaba a **igualdade**, xa que ao seren os homes primitivos practicamente autosuficientes, non se establecían entre eles os lazos de dependencia que xeran as xerarquías e as subordinacións duns a outros. Así pois, o xurdemento das **desigualdades socio-económicas** acontece nun momento posterior do devir da humanidade coa aparición das primeiras grandes **civilizacións** que instauran a **propiedade privada** e unhas institucións políticas ilexítimas.

Cita: "... si se compara a diversidade prodixiosa de educacións e de xéneros de vida que reina nos diferentes ordes do estado civil coa sinxeleza e uniformidade da vida animal e salvaxe, na que todos se nutren dos mesmos alimentos, viven da mesma maneira e fan exactamente as mesmas cousas, se comprenderá cuán menor debe ser a diferenza de home a home no estado de natureza que no de sociedade, e canto debe aumentar a desigualdade natural na especie humana pola desigualdade de institución."

Polo tanto, a diferenza dos demais **filósofos ilustrados** que cren firmemente no **progreso** da humanidade, **Rousseau** considera que realmente non houbo tal progreso, senón máis ben un retroceso, unha **involución**, que conlevou a perda da liberdade, a igualdade e a bondade innata do home.

Cita: "...faltanme por considerar e cotexar os diferentes azares que poideron perfeccionar a razón humana deteriorando a especie, facer un ser malvado facéndoo sociable, e dun termo tan alonxado traer finalmente ao home e ao mundo ate o punto en que o vemos."

- **SAÍDA DO ESTADO DE NATUREZA-PRIMEIRAS SOCIEDADES:**

Como xa dixemos, as características máis chamativas do **estado natural** e dos **homes salvaxes** que viven nel son a relativa autosuficiencia, a **igualdade**, a **liberdade** e a **bondade natural**. Segundo Rousseau, o feito de que a autoconservación non está completamente garantizada no estado natural, leva a que os homes salvaxes se agrupen formando as primeiras sociedades humanas. Por tanto, os **homes salvaxes** vense na necesidade de abandonar o **estado de natureza** debido a que nel a súa **supervivencia** non estaba totalmente garantizada. Efectivamente, tanto dependen os homes salvaxes da natureza que se hai épocas de escaseza (non hai animais que cazar ou froitos que recolectar ou auga que beber nos manantiais) corre risco a súa vida.

A solución a esta precariedade da vida salvaxe foi a creación da sociedade. Na súa particular visión do desenvolvemento da humanidade, o filósofo ilustrado considera que esas primeiras sociedades primixenias de homes naturais todavía conservaban a igualdade, a liberdade e a irmandade propias do estado de natureza.

Cita: “Tras ter probado que a desigualdade apenas é sensible no estado de natureza e que a súa influencia é nel casi nula, quédame por amosar a súa orixe e os seus progresos nos desenrols sucesivos do espírito humano.”

- **CIVILIZACIÓN-HOME CIVILIZADO:**

Como xa dixemos, a aparición da propiedade privada baixo a forma dunha apropiación por parte duns poucos do que ate ese momento eran bens comúns de todos supón un punto de inflexión na historia da humanidade. Xorde a civilización en base a un contrato social fraudulento que protexe esa usurpación mediante unha lei e unhas institucións políticas que están ao servizo dos intereses dos ricos e poderosos.

Cita: “Tal foi ou debeu de ser a orixe da sociedade e das leis, que deron novas trabas ao débil e novas forzas ao rico, aniquilaron para sempre a liberdade natural, fixaron para todo tempo a lei da propiedade e da desigualdade, fixeron dunha astuta usurpación un dereito irrevocable, e, para o proveito duns cantos ambiciosos, suxetaron a todo o xénero humano ao traballo, a servidume e a miseria.”

A civilización dará nacemento a un novo tipo de home alonxado do natural: o home civilizado e desnaturalizado, produto dunha sociedade corrupta. A sociedade ou a **civilización** enxendrou as **desigualdades** e o sometemento duns homes a outros. Pero tamén modificou completamente as **paixóns naturais** dos homes ate o extremo de ocultar por completo a nosa xenuína forma de ser. Rousseau explica mediante unha especie de mito clásico: ao igual que a estatua de Glauco, afundida dende hai tempo no mar e cuberta de cunchas e algas, baixo os efectos da civilización, a natureza humana orixinaria fica oculta e deformada por séculos de vida en sociedade. De tal modo, que ao ver ao **home civilizado** pensamos que as **paixóns artificiais** que o caracterizan (envexa, hipocresía, cinismo, afán de honores e riquezas, servilismo, etc.) son as propiamente humanas cando unicamente son o produto artificial dunha civilización corrupta que acabou por desnaturalizar ao home.

Cita: “...ao alterarse insensiblemente a alma e as paixóns humanas, cambian por así dicir de natureza; ao desvanecerse gradualmente o home orixinal, a sociedade non ofrece xa aos ollos do sabio máis que un conxunto de homes artificiais e de paixóns ficticias que son obra de todas estas novas relacións e que non teñen ningún fundamento verdadeiro na natureza.”

- **RENATURALIZACIÓN DO HOME-CONTRATO SOCIAL:**

Sobre a base desta contraposición **home salvaxe versus home civilizado**, Rousseau leva a cabo non só unha **crítica da estrutura social e das institucións políticas** dos Estados e das sociedades do seu tempo, senón que ademais permítelle argumentar a necesidade dun **contrato social** que restituía os atributos humanos perdidos, isto é, a liberdade, a igualdade e a fraternidade.

Certamente, Rousseau fai unha valoración negativa da sociedade na que vive, xa que considera que durante o **proceso civilizatorio** a sociedade foise progresivamente corrompendo e, en consecuencia, o ser humano dexenerou nun **home civilizado** cheo de **paixóns artificiais**. A volta ao estado de natureza resulta imposible, non podemos dar marcha atrás na Historia. Por tanto, Rousseau propón recuperar a liberdade, a igualdade e a fraternidade do estado de natureza, pero sen disolver a sociedade. Este proxecto levarase a cabo a través de dúas vías: a **educación**, tratando de educar ao individuo conforme ás paixóns naturais do home (proxecto que leva a cabo na súa obra, Emilio ou da educación); a outra vía é a **política**, reformando a sociedade mediante un **contrato social** que permita recuperar a liberdade, a igualdade e a fraternidade do estado de natureza como bases dunha nova sociedade, plantexamento que traza en Do Contrato Social).